



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

REGISTRO 1991

010486 07.11.2018 08:41

Á vista do escrito de D. Raúl Vieira Miguel, Director da Área de Recursos de Apoio á Investigación e Proxección Exterior (RIAIDT) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir a dous alumnos en prácticas da titulación de Master Universitario en Arqueoloxía e CC. da Antigüedad, esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Xeografía e Hª impártense a titulación de Master Universitario en Arqueoloxía e CC. da Antigüedad. En dita titulación recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 6 créditos ECTS, (1 crédito por cada 25 h), dentro da materia Prácticum de carácter optativo. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a RIAIDT arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Master Universitario en Arqueoloxía e CC. da Antigüedad coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

#### RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulacións de Master Universitario en Arqueoloxía e CC. da Antigüedad na RIAIDT arriba citada.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
  - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar 150 horas recollidas no plano de estudos.
  - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo co Director da RIAIDT mencionado, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
  - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
  - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas na RIAIDT, non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
  - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
  - A Comisión Académica da titulación do Master Universitario en Arqueoloxía e CC. da Antigüedad nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos



alumnos. Así mesmo, o Director da Área de Recursos de Apoio á Investigación e Proxección Exterior da RIAIDT nomeará a un titor que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da RIAIDT.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o Director da RIAIDT emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2013

O REITOR

  


Juan José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA**

**SR. COORDINADOR DO MASTER EN ARQUEOLOXIA E CC. DA ANTIGÜIDADE**

**SR D. RAUL VIEIRA MIGUEL – DIRECTOR DA AREA DE RECURSOS DE APOIO A INVESTIGACIÓN E PROXECCIN  
ESTERIOR DA RIAIDT**

**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**

**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**